


REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30



A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de xullo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2678 (10/POC-000351)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 4 máis
Sobre a posta en marcha pola Consellería do Mar das accións formativas nos portos galegos destinadas á capacitación para o exercicio da súa profesión dos traballadores da pesca, do marisqueo e da acuicultura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 3599 (10/POC-001942)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa valoración que faría na actualidade unha delegación da Unión Europea respecto do estado de saneamento das rías galegas, a que realiza o Goberno galego ao respecto e as actuacións levadas a cabo dende a recepción dos informes da Unión Europea trala visita dos seus delegados, así como a proposta do sector referida á negociación de medidas de especial protección para as zonas de cultivo de bivalvos
- 1.3 5258 (10/POC-000906)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre o número e contido das solicitudes presentadas na convocatoria de axudas para o ano 2016 para o desenvolvemento de proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 1.4 5553 (10/POC-000971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis


Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias, as melloras que supuxo para a Xunta de Galicia e os requisitos exixidos ao persoal embarcado, así como a súa consideración fiscal e a aplicación do Imposto de Sociedades á empresa adxudicataria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

- 1.5 6408 (10/POC-001943)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as razóns da demora e a data prevista pola Consellería do Mar para a realización da reunión solicitada polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa, así como a situación en que se atopan as cuestións demandadas por ese colectivo en relación co marisqueo
- 1.6 6879 (10/POC-001964)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa cantidade de cota asignada para o ano 2017 á frota galega do bocarte no caladoiro do Golfo de Cádiz, á vista de datos que reflicten o seu esgotamento xa a mediados do mes de marzo, así como as xestións que vai levar a cabo para garantir unha maior representación desta frota nesa zona
- 1.7 7767 (10/POC-001965)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a información do Goberno galego en relación coa situación das xestións realizadas polo Goberno central para a modificación das traducións oficiais de determinadas subzonas e divisións de pesca, co fin de evitalle ao consumidor a confusión respecto da orixe dos produtos do mar, os termos da resposta da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, así como as xestións previstas polo Goberno galego para evitar ese problema
- 1.8 8150 (10/POC-001973)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre o número de convenios colectivos asinados no sector da pesca en Galicia nos últimos cinco anos, os datos e a opinión do Goberno galego ao respecto, así como as medidas que vai levar a cabo para impulsar o seu

asinamento para as persoas que traballan no sector pesqueiro extractivo

- 1.9 9070 (10/POC-001582)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do investimento realizado na contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo, o número dos que están a traballar en Galicia e os datos referidos ao financiamento deses postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 1.10 9523 (10/POC-001642)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as análises de bivalvos realizadas pola Consellería do Mar antes do inicio da campaña extractiva do ano 2013 na ría de Noia, o aviso por unha conserveira da presenza de toxina no marisco comprado e os argumentos que vai usar a consellaría no recurso anunciado contra a resolución xudicial ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 1.11 10086 (10/POC-001722)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a información do Goberno galego respecto da situación económica que está a atravesar a Confraría de pescadores de Malpica, as medidas que vai adoptar para paliar, así como posibilitar a súa supervivencia e normal funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 129, do 15.06.2017
- 1.12 10225 (10/POC-001745)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José e Santos Queiruga, Carmen
Sobre a información do Goberno galego en relación co cumprimento por parte do centro deportivo instalado nos terreos portuarios de Vilagarcía de Arousa das obrigas contraídas no outorgamento da autorización, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación cos problemas que ocasionan os non pagamentos laborais e a deterioración da zona por falta de mantemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 129, do 15.06.2017
- 1.13 10318 (10/POC-001762)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da situación do porto de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 28/06/2017 13:13:02

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2678(10/POC-000351)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 4 máis

Sobre a posta en marcha pola Consellería do Mar das accións formativas nos portos galegos destinadas á capacitación para o exercicio da súa profesión dos traballadores da pesca, do marisqueo e da acuicultura

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2678
Data envío: 27/12/2016 19:43:40.814

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Guadalupe Murillo Solis, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As accións formativas promovidas pola Consellería do Mar teñen como finalidade a capacitación dos traballadores da pesca, do marisqueo e da acuicultura para o exercicio da súa profesión.

A diferente tipoloxía dos cursos, con formación regrada e non regrada, abrangue desde a preparación directa para o acceso ao emprego ata o reciclaxe ou perfeccionamento formativo, facilitando que os profesionais adquiren ou se adapten ás modificacións que no exercicio da actividade poidan producirse ao longo do tempo.

O catalogo formativo náutico, marítimo pesqueiro, de mergullo e acuicultura, ofrece unha base sólida e unha especialización acorde co mercado laboral actual e no obxectivo de adquirir o coñecemento práctico das novas tecnoloxías. Unha das claves destes estudos debe ser sempre a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo.

Pero a Consellería do Mar, consciente da dificultade que para moitos profesionais implica ter que trasladarse ata o correspondente centro, deseñou tamén accións de formación non regrada que se imparten nos diferentes portos de Galicia ou incluso a través da teleformación.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas accións formativas nos portos galegos ten previsto poñer en marcha a Consellería do Mar ao longo dos vindeiros meses?
- 2.- Quen pode beneficiarse destes cursos?
- 3.- A formación non regrada permite obter titulacións e certificacións?
- 4.- De que orzamento dispón a Consellería do Mar para impulsar estas accións formativas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2678
Data envío: 27/12/2016 19:43:40.814

5.- Cales son os cursos máis demandados?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2016 19:40:11

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/12/2016 19:40:22

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2016 19:40:28

María Ángeles García Míguez na data 27/12/2016 19:40:34

Marta Rodríguez Arias na data 27/12/2016 19:40:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3599(10/POC-001942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa valoración que faría na actualidade unha delegación da Unión Europea respecto do estado de saneamento das rías galegas, a que realiza o Goberno galego ao respecto e as actuacións levadas a cabo dende a recepción dos informes da Unión Europea trala visita dos seus delegados, así como a proposta do sector referida á negociación de medidas de especial protección para as zonas de cultivo de bivalvos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 17:36
Nº Rexistro: 3599
Data envío: 17/01/2017 17:36:15.114



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito desto, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra desto, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento, como por exemplo os 11 millóns de euros que no propio 2013 prometeu o entón conselleiro de Medio Ambiente Agustín Hernández para a ría de Arousa, e do que non existiu ningunha nova posterior.

Mentres tanto, o sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade durante o ano froito dos problemas xerados por esta

contaminación, como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio sector que apuntan a un descenso de especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración cree a Xunta de Galicia que faría hoxe unha delegación da Unión Europea se volvese a visitar as rías galegas para avaliar o seu estado de saneamento?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado actual das rías galegas en termos de saneamento e a súa influencia sobre o marisqueo?
3. Que consideración lle merece á Xunta de Galicia as queixas continuadas dos colectivos traballadores e traballadoras do sector marisqueiro que se queixan do estado do saneamento das rías galegas?
4. Que accións se levaron a cabo dende os informes negativos recibidos por parte da Unión Europea despois da visita dos seus delegados/as? Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a proposta do sector de negociar para implantar medidas que consoliden unha especial protección para as zonas de cultivo de bivalvo?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 17:36
Nº Rexistro: 3599
Data envío: 17/01/2017 17:36:15.114



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2017 17:29:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2017 17:29:14

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5258(10/POC-000906)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre o número e contido das solicitudes presentadas na convocatoria de axudas para o ano 2016 para o desenvolvemento de proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

O Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) establece que os organismos intermedios de xestión poderán fomentar proxectos interterritoriais e/ou transnacionais nos que participen os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) de cada territorio.

En setembro de 2016, a Consellería do Mar organizou unha Xornada Transnacional á que asistiron representantes de diferentes administración e GALP de Galicia, Asturias e Portugal, co fin de fomentar o coñecemento mutuo entre as diferentes entidades, e xerar sinerxías que puidesen favorecer o establecemento de futuros proxectos de cooperación no marco do FEMP.

Nese ano, convocáronse as correspondentes axudas para levar a cabo proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALP, para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco, por primeira vez, do FEMP 2014-2020, co fin de impulsar e apoiar a innovación e adquirir destrezas e medios que permitan mellorar as súas Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (ESLP).

Neste senso, desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos como prioritario o impulso do papel dos GALP, herdeiros directos dos Grupos de Acción Costeira, que no período 2009 – 2015 permitiron crear 250 novos empregos e consolidar moitos máis.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5258
Data envío: 16/02/2017 16:13:11.217

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte
Pregunta Oral en Comisión:

Cantas solicitudes se presentaron na convocatoria de 2.016 destas
axudas aos Proxectos de Cooperación interterritoriais e transnacionais dos
Grupos de acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), e en que
consistiron?

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2017 14:23:04

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 14:23:32

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2017 14:23:56

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 14:24:07

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 14:24:19

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2017 14:24:41

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2017 14:24:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 5553(10/POC-000971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias, as melloras que supuxo para a Xunta de Galicia e os requisitos exixidos ao persoal embarcado, así como a súa consideración fiscal e a aplicación do Imposto de Sociedades á empresa adxudicataria

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5553
Data envío: 22/02/2017 19:02:51.731

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a coñecer do beneficio obtido polo Goberno galego coa decisión de inscribir os buques do Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Canarias.

O Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias di ter por obxecto posibilitar a competencia das empresas nabeiras españolas, para isto adopta unha serie de medidas, homologábeis aos de outros estados europeos. E aínda que nun principio estaba destinado a buques mercantes, non tivo reparo en ampliar a súa inscrición aos organismos públicos ou Administracións públicas que cumpran determinados requisitos, ou empresas navieiras que sexan arrendatarias ou que teñan contrato de xestión.

Este é o caso da empresa que xestiona os medios mariños da Xunta de Galicia, que non é outro que o Servizo de Gardacostas de Galiza. Este conta cunha serie de embarcacións que na actualidade son xestionados a través dun contrato de xestión coa empresa Remolcanosa. Nun modelo onde os medios son públicos e a empresa realiza a prestación de dotalos de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo os medios a punto e disposición das necesidades da administración.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5553
Data envío: 22/02/2017 19:02:51.731

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Cales son as razóns de que se procederá a inscribir as embarcacións adscritas a Gardacostas de Galicia no denominado Rexistro Especial de Canarias?

-Quen realizou este rexistro a administración galega ou a empresa que xestiona os buques (Remolcanosa)?

-Que melloras supuxo este rexistro para a Xunta de Galicia? E para a empresa?

-Sabe cales son os requisitos esixidos para o persoal embarcado?

-Comproba a Xunta de Galicia que os contratados cumpren os criterios establecidos no prego de condicións do contrato? Cantos deben ter nacionalidade europea? Considera razoábel este tipo de normativas para unha administración pública?

-Que especialización é a de mariñeiro-maquinas, mariñeiro-mergullador, mariñeiro-maquinista-mergullador, caldeireiro-electricista? Que requisitos se deben esixir para conseguir persoal tan altamente especializado? Cal foi a tripulación mínima esixible de cada embarcación para poder inscribirse en dito rexistro? Fíxose algunha homologación para adecuar o persoal as especiais características dos postos? Cales?

-No imposto sobre a renda das persoas física os tripulantes terán a consideración de renda exenta ao 50% nos rendementos do traballo. Como lles afecta isto aos traballadores de cara a súa xubilación?

-No relativo ao Imposto de Sociedades, as mesmas terán unha bonificación do 90% na porción das cotas, considera razoábel que unha empresa como Remolcanosa que leva ingresado máis de 50 millóns de euros pola prestación dun servizo de xestión



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5553
Data envío: 22/02/2017 19:02:51.731

dos medios marítimos da Xunta de Galicia, que non pague aquí os seus impostos e cando paga estes son nunhas cantidades absolutamente ridículas?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 18:59:11

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 18:59:16

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 18:59:19

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 18:59:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 18:59:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5553

Data envío: 22/02/2017 19:02:51.731

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 18:59:26

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 6408(10/POC-001943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as razóns da demora e a data prevista pola Consellería do Mar para a realización da reunión solicitada polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa, así como a situación en que se atopan as cuestións demandadas por ese colectivo en relación co marisqueo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6408
Data envío: 09/03/2017 14:00:23.532



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 27 de outubro de 2014, os/as que eran patróns/patroas maiores da ría de Arousa: Rianxo, A Pobra, Cabo de Cruz, Aguiño, Ribeira, O Grove, Cambados, Vilanova, Illa de Arousa e Carril, foron recibidos pola conselleira do Mar, a fin de tratar varios asuntos, que afecta directamente ao desenvolvemento profesional das xentes do mar da ría de Arousa, e entre os máis apremiantes os que a continuación se enumeran:

1. Estudio e recuperación do canal do río Ulla na súa desembocadura para a recuperación do marisqueo na zona de libre marisqueo “Lombos do Ulla”.
2. Saneamento dos bancos marisqueiros de Cabío e O Bohído para a súa recuperación.
3. Estudo da calidade das augas en diversos puntos da ría de Arousa.
4. Trazabilidade dos nosos produtos.
5. Control de depredadores.
6. Recuperación do Servizo de Inspección Pesqueira.

Na reunión anterior, a conselleira considerou os asuntos enumerados de especial relevancia, comprometéndose a dar solución aos mesmos á maior celeridade posible.

O 14 de xaneiro de 2015, os representantes das confrarías da ría de Arousa, foron citados polo secretario xeral da Consellería do Mar, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo para tratar os mencionados asuntos. Nesa reunión acordaron a realización de estudos por parte da Consellería do Mar para a realización das intervencións procedentes a fin de corrixir o deterioro dos bancos marisqueiros, o restablecemento do control da ría, así como a convocatoria dunha reunión para finais de febreiro de ese ano, a fin de dar conta da marcha dos asuntos tratados.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O día 25 de marzo de 2015, se remitía escrito por parte dos mesmos patróns/patroas á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza. Reclamando a citada reunión comprometida coa Consellería do Mar. A día de hoxe, seguen sen resposta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a día de hoxe non se ten reunido a Consellería do Mar cos e coas representantes das confrarías da ría de Arousa, a pesar da reiterada solicitude dos mesmos?
2. Ten previsto o Goberno galego que se produza esa xuntanza? En que data?
3. En que situación se atopan as cuestións que demanda o colectivo de patróns/patroas maiores?
4. Que valoración fai a Consellería de Mar de que os e as responsables das confrarías deban pasar tanta demora e desprezo ás súas propostas e solicitudes?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2017 13:57:04

María Dolores Toja Suárez na data 09/03/2017 13:57:14

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 6879(10/POC-001964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa cantidade de cota asignada para o ano 2017 á frota galega do bocarte no caladoiro do Golfo de Cádiz, á vista de datos que reflicten o seu esgotamento xa a mediados do mes de marzo, así como as xestións que vai levar a cabo para garantir unha maior representación desta frota nesa zona



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 10:31
Nº Rexistro: 6879
Data envío: 22/03/2017 10:31:04.969



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na zona IXa, a porcentaxe de bocarte IX, (*Engraulis encrasicolus* ANE/09) correspondente ao caladoiro de Golfo de Cádiz é o 98,86 %.

Isto deixa unicamente o sur de Fisterra, para a flota galega, o que representa unha porcentaxe do 1,14 %.

O sector vén demandando a revisión desta cantidade por considerala insuficiente, e ademais porque se vén observando a abundancia de recurso.

A mediados de marzo, o cerco tiña xa esgotada a cota de anchoa que ten asignada para todo o ano, polo que a secretaria xeral de Pesca pechou a pesquería.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego a insuficiente cantidade asignada á frota galega de bocarte na zona IXa, á vista dos datos actuais que implican que a mediados de mes de marzo xa se acadaron as cantidades establecidas para todo o ano?

2ª) Que xestións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir unha maior representación da frota galega de bocarte na zona IXa?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 10:31
Nº Rexistro: 6879
Data envío: 22/03/2017 10:31:04.969



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2017 10:25:19

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2017 10:25:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 7767(10/POC-001965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información do Goberno galego en relación coa situación das xestións realizadas polo Goberno central para a modificación das traducións oficiais de determinadas subzonas e divisións de pesca, co fin de evitarlle ao consumidor a confusión respecto da orixe dos produtos do mar, os termos da resposta da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, así como as xestións previstas polo Goberno galego para evitar ese problema



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7767
Data envío: 06/04/2017 18:35:46.642



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral escrita.

En resposta escrita do 30 de xaneiro de 2015 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Medio Ambiente indicaba respecto das denominacións das zonas de pesca, *que non as entendía adecuadas, xa que confunden ao consumidor*.

En relación a:

- Subzona IX (Augas portuguesas) coas súas divisións a (Augas portuguesas este), b (Augas portuguesas oeste), as capturas realizadas nas costas de Galicia occidental, proceden de augas españolas e “augas portuguesas” indicaría que teñen outra orixe.
- División VIIIc (Golfo de Vizcaya Sur): Trátase do Mar Cantábrico.

O Ministerio ten enviada carta á Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, solicitando cambios nas traducións oficiais de determinadas subzonas e divisións, estando á espera de resposta.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego, a través do Goberno do Estado como van as xestións dos cambios nas traducións oficiais das zonas de pesca?

2ª) Ten coñecemento o Goberno galego da existencia de resposta á dita carta, no seu caso, en que termos se recibiu?

3ª) Vai facer o Goberno galego algún tipo de xestión para evitar a confusión respecto á orixe dos produtos do mar que está prexudicando aos pescadores galegos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7767
Data envío: 06/04/2017 18:35:46.642



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 18:32:42

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 18:32:56

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 8150(10/POC-001973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o número de convenios colectivos asinados no sector da pesca en Galicia nos últimos cinco anos, os datos e a opinión do Goberno galego ao respecto, así como as medidas que vai levar a cabo para impulsar o seu asinamento para as persoas que traballan no sector pesqueiro extractivo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8150
Data envío: 20/04/2017 19:03:47.517



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

De acordo coa Política Pesqueira Común, preténdese garantir que a pesca e a acuicultura sexan sostíbeis dende o punto de vista medioambiental, económico e social, e ofrezan aos cidadáns da UE unha fonte de alimentación boa para a saúde. A súa finalidade é dinamizar o sector pesqueiro e asegurar un nivel de vida xusto para as comunidades pesqueiras.

Non obstante, as políticas que rexen para o sector pesqueiro na actualidade teñen como principal obxectivo a sostibilidade do recurso, das pesqueiras e do medioambiente. Faise preciso un concepto máis amplo, que integre tamén o respecto dos dereitos humanos, así como os dereitos laborais das persoas que traballan e viven do mar.

Este sector caracterizado por ter condicións moi duras, perigosas de traballo así como pola coexistencia de pequenas empresas familiares dedicadas á pesca artesanal xunto con empresas dedicadas á pesca industrial.

Na Comisión 8ª celebrada o 23 de marzo, aprobouse unanimemente solicitar ao Goberno de España a ratificación do convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, que foi aprobado en xuño de 2007, co obxectivo de que as persoas que traballan nos barcos de pesca teñan condicións decentes de emprego, traballo e vida a bordo. O convenio responde aos desafíos que implica a globalización con disparidade de condicións de vida e traballo a bordo dos buques así como a aplicación de normas de seguridade e control. Tamén busca un desenvolvemento sostíbel do medio mariño tendo en conta a harmonización social, preservación da seguridade e do medio ambiente mundial.

Faise preciso dar un paso máis cara a sostibilidade do sector pesqueiro nos termos indicados anteriormente, en canto a dereitos humanos e condicións de traballo. O modelo tradicional de empresas familiares no que o propio armador ía a bordo, cambiou moito nos últimos anos. Non se trata unicamente de defender



Grupo Parlamentario

as condicións dos estranxeiros, senón tamén de impulsar a negociación colectiva, e manter viva a forza de traballo en Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cantos convenios colectivos no sector da pesca se asinaron en Galicia nos últimos cinco anos?

2ª) Que porcentaxe de traballadores e traballadoras do sector pesqueiro extractivo teñen un convenio colectivo?

3ª) Considera o Goberno galego que o número de convenios colectivos neste sector é o desexable e polo tanto garante os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras do sector?

4ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para impulsar a sinatura de convenios colectivos para as persoas que traballan no sector pesqueiro extractivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/04/2017 19:01:37

Julio Torrado Quintela na data 20/04/2017 19:01:49

Noela Blanco Rodríguez na data 20/04/2017 19:02:00

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 9070(10/POC-001582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do investimento realizado na contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo, o número dos que están a traballar en Galicia e os datos referidos ao financiamento deses postos de traballo

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 17:10
Nº Rexistro: 9070
Data envío: 12/05/2017 17:10:47.847



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O furtivismo, en calquera das súas formas e modos, é un dos problemas máis grandes aos que se enfronta o sector do mar en Galicia, especialmente o dedicado ao marisqueo. A existencia de furtivos que extraen e comercializan produto do mar provoca varios problemas que terminan por afectar, de maneira directa ou indirecta, ao traballo desenvolvido legal e disciplinadamente polas persoas que se dedican ao marisqueo.

Un dos problemas obvios é o da sobreexplotación do produto, que provoca graves consecuencias tanto polas cantidades que se perden de maneira directa, como polas dificultades que se producen na rexeneración e mantemento dentro do proceso biolóxico.

Noutro orde de cousas existe un grave problema de saúde pública, pois o produto extraído furtivamente non pasa por controis de calidade ni idoneidade, o que supón un perigo por estar dispoñendo para consumo produtos que poden estar en mal estado.

A cuestión da devaluación dos prezos é tamén relevante, pois a existencia continuada de produto furtivo á venda provoca que os prezos naturais do marisco extraído legalmente, con todos os controis e o paso por depuradora, sexa comparativamente moito maior, o que provoca menor venta pola competencia ilegal que se produce fronte aos furtivos.

En consecuencia de todo isto, o prexuízo na imaxe e calidade do produto é tremendamente relevante, pois pode estar sendo consumido e ata comercializado un produto sen controis de calidade, que é potencialmente perigoso e que está prexudicando ao desenvolvemento natural do propio produto en si no futuro.

Para controlar o furtivismo, e poder garantir un correcto desenvolvemento da actividade marisqueira, os vixiantes son un elemento fundamental no sector. Non entanto, a pesares da relevancia e necesidade de controlar estas actividades fóra da legalidade, os postos de traballo dos vixiantes son financiados, na maior parte, polas confrarías e non pola Administración autonómica de maneira directa.

Isto provoca que a propia confraría non poida investir en cuestión de outro interese, como avances en estudos e I+D+i para mellorar a produción, en seguridade laboral, en maior formación para mariscadores/as, e en máis medios técnicos para facilitar a labor (seguridade, control, depuración, venda ...).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar o investimento, sexa de maneira directa ou indirecta a través das confrarías, en contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo?
2. Ten o Goberno galego un cómputo do número global de vixiantes que traballan en Galicia?
3. Cantos postos de traballo de vixiantes están sendo financiados de maneira completa pola Xunta de Galicia?
4. Cantos están sendo financiados en parte?
5. Considera o Goberno galego que a vixilancia dos bancos marisqueiros é unha responsabilidade das confrarías ou propia da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 17:10
Nº Rexistro: 9070
Data envío: 12/05/2017 17:10:47.847



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 17:05:38

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 17:05:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.10 9523(10/POC-001642)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as análises de bivalvos realizadas pola Consellería do Mar antes do inicio da campaña extractiva do ano 2013 na ría de Noia, o aviso por unha conserveira da presenza de toxina no marisco comprado e os argumentos que vai usar a consellaría no recurso anunciado contra a resolución xudicial ao respecto

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao período de toxina acontecido no ano 2013 na ría de Noia.

A Consellería do Mar ten a obriga de velar e manter os controis oportunos sobre a calidade das nosas augas e os seus recursos mariños, de forma que se garanta, tanto para os traballadores do mar como para o consumidor final, que os produtos do mar teñen a calidade óptima para a súa comercialización.

En outubro do ano 2013, coincidindo co inicio da campaña extractiva, os mariscadores e mariscadoras da Confraría de Noia venderon durante dous días milleiros de quilogramos de bivalvo con toxina. Foi precisamente unha conserveira da zona a que deu o aviso de que o marisco comprado aos socios desta entidade se atopaba en mal estado. Por culpa disto, outras empresas que adquiriron o marisco para ser procesado, finalmente devolveron o produto, véndose o pósito noiés na obriga de reembolsarlles os cartos.

Pouco tempo despois, a Confraría de Noia presentou unha demanda de responsabilidade patrimonial contra a Consellería do Mar, a cal foi finalmente condenada, por parte do Tribunal Superior de Xustiza, a indemnizar ao pósito por unha cuantía superior aos 400.000 euros. O propio auto xudicial reflexa que a Consellería “non actuou diligentemente na súa labor de control do medio mariño” xa que na semana previa ó inicio da campaña extractiva non se levaron a cabo as actuacións oportunas para localizar a toxina, quedando así patente os graves erros de protocolo que se produciron en todo o proceso.



A propia Conselleira de Mar, Rosa Quintana, afirmou recentemente que o organismo que ela dirixe, presentará un recurso contra esta resolución xudicial.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para ao seu debate en comisión:

- ¿Elaboráronse análises dos bivalvos a semana previa ó inicio da campaña extractiva?
- ¿Considera normal que sexa unha empresa privada a que avise de que o marisco ten toxina?
- ¿Cales son os argumentos que utilizará a Consellería do Mar no recurso anunciado pola propia conselleira Rosa Quintana?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 26/05/2017 10:14:19

Juan José Merlo Lorenzo na data 26/05/2017 10:14:27

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.11 10086(10/POC-001722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información do Goberno galego respecto da situación económica que está a atravesar a Confraría de pescadores de Malpica, as medidas que vai adoptar para paliar, así como posibilitar a súa supervivencia e normal funcionamento

Publicación da iniciativa, 129, 15.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10086
Data envío: 06/06/2017 19:21:28.851



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A confraría de Malpica atravesaba unha complicada situación económica, que está poñendo en risco a súa supervivencia. O feito de contar cunha débeda de máis de 300.000 euros esmaga a xestión diaria. A isto hai que engadir, que nos últimos meses os traballadores sufriron atrasos e ata non recibiron as súas retribucións. Esta situación non se xerou dun día para outro, senón que, tal e como reclama a veciñanza, foi medrando ata chegar á situación actual, de certo insostible

As confrarías réxense pola Lei 9/1993 de 8 de xullo, que estableceu un prazo máximo de un ano para acomodar os estatutos e a organización, polo tanto, dende mediados do 94 as confrarías teñen que estar adaptadas á lei.

Establece, ademais, que a aprobación, modificación e posterior liquidación dos orzamentos serán comunicadas á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Polo que se entende que a Consellería é coñecedora da situación económica financeira na que se atopa a confraría.

Tamén o artigo 11.3, indica que: “En todo caso, a xestión económica e financeira e as contas das confrarías estarán sometidas o control do Consello de Contas nos termos do dito órgano e as súas disposicións de desenvolvemento”.

Polo que se entende que a Xunta, a través da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura é coñecedora da situación económica e financeira da confraría de Malpica.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



 Grupo Parlamentario

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación económica que atravesa a confraría de Malpica?

2ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para axudar a paliar esta situación de insuficiencia financeira que atravesa a confraría de Malpica, e que está a poñer en perigo a súa supervivencia e impide o seu funcionamento normal?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) En caso positivo, que tipo de axuda e en que prazo?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/06/2017 19:19:46

Julio Torrado Quintela na data 06/06/2017 19:20:03

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.12 10225(10/POC-001745)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a información do Goberno galego en relación co cumprimento por parte do centro deportivo instalado nos terreos portuarios de Vilagarcía de Arousa das obrigas contraídas no outorgamento da autorización, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación cos problemas que ocasionan os non pagamentos laborais e a deterioración da zona por falta de mantemento

Publicación da iniciativa, 129, 15.06.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Jose Merlo Lorenzo e **Carmen Santos Queiruga**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

O 26 de Marzo de 2013, tal como figura nas memorias anuais do porto de Vilagarcía de Arousa, foi concedida, en terreos portuarios, unha autorización para explotación como centro deportivo a Condessa Sport, na que a empresa construíu unhas instalacións deportivas que inclúen pistas de Padel, Ximnasio e outros anexos de carácter comercial e hostaleiro.

Esta actividade tivo moita controversia, xa que as obras iniciáronse sen licenza municipal, co consentimento do Alcalde Popular de Vilagarcía.

O rexeitamento ás instalacións foi abrumador, por insistir en distanciar e ocultar a nosa fachada marítima, provocando un enorme impacto visual na avd. Valle Inclán, ademáis de tratarse dunha actividade claramente allea á actividade normal dun porto de interese xeral.

Esta instalación saíu adiante pola intensidade coa que o Partido Popular defendeu a súa creación, a pesar do rexeitamento popular e as dúbidas sobre a súa legalidade e necesidade. Un Partido Popular que tamén permitiu, naquel mandato, a instalación dun campo de Golf, en terreos de importante interese medioambiental e paisaxístico, que hoxe está pechado logo da inepta actuación do anterior goberno municipal, que presentou o proxecto como pioneiro na campaña electoral, obviando a demanda dun dos propietarios do terreo que se



negaba a esta instalación, feito que obrigou ao seu peche posterior como denunciaron grupos da oposición municipal do concello.

Estes días coñecemos como este último despropósito, a instalación dunhas pistas de padel privadas en terreos portuarios, esta a sufrir problemas económicos, téndose iniciado unha folga de monitores ante o impago de nóminas que se alonga en máis de dous meses, esta situación provoca tamén unha desatención das instalación que incrementa o impacto negativo sobre a nosa fachada marítima.

O porto de Vilagarcía ten acordado, segundo os prezos públicos publicados, unha taxa para esta instalación de 13.038,49€ anuais aos que hai que engadir uns irrisorios 364,72€ pola terraza da cafetería do centro deportivo. Ante a situación de incumprimento nos pagos, compre coñecer si a empresa, na que un dos propietarios está sometido a un xuízo por fraude con petición de 14 anos de cadea, está a cumprir cos compromisos económicos da autorización, así como os demais compromisos que teña adquirido coa entidade Porto de Vilagarcía.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión :

1.ª) Ten coñecemento o Goberno galego do cumprimento de todas as obrigas, incluída a económica do centro (Condesa sport), instalado en terreos portuarios de Vilagarcía de Arousa?

2.ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno para instar a solución dos problemas que provocan impagos laborais e o deterioro por falta de mantemento desta zona do Porto de Vilagarcía.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2017 13:18
Nº Rexistro: 10225
Data envío: 08/06/2017 13:18:33.349



Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 08/06/2017 13:17:35

Carmen Santos Queiruga na data 08/06/2017 13:17:46

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 04.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.13 10318(10/POC-001762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da situación do porto de Vigo

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2017 10:10
Nº Rexistro: 10318
Data envío: 09/06/2017 10:10:26.731

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Porto de Vigo foi historicamente un motor económico para a cidade e para a comarca, tanto na súa vertente pesqueira como na comercial e turística. A realidade é que nos últimos anos está a perder competitividade, no que ten que ver coa descarga de peixe fresco e conxelado no Berbés, o transporte de mercadorías ou as escalas de trasatlánticos. Os datos revelan unha caída constante nos balances, mentres que se producen un incremento da actividade noutros portos.

As causas desta situación son variadas, mais pódense destacar as seguintes:

a) Problemas nas infraestruturas portuarias debido á falta de espazo, mal estado dos equipamentos, dificultades nos atraques e manobra, mal estado dos espazos de paso na zona de cruceiros

b) Redución do cadro de persoal, que pasou de 253 no ano 2010 a 237 no 2017.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2017 10:10
Nº Rexistro: 10318
Data envío: 09/06/2017 10:10:26.731

c) Retraso na construción do porto seco da PLISAN, que ademais carece de conexión ferroviaria co porto de Vigo.

d) Baixada de actividade no porto do Berbés

e) Redución da actividade no peirao de trasatlánticos, con un descenso das escalas de cruceiros.

f) Retraso na tramitación do Posto de Inspección Fronteirizo para o control sanitario das mercadorías.

g) Os modestos resultados da Autoestrada do Mar.

A exclusión dos portos galegos do Corredor Ferroviario Atlántico non permiten ollar o futuro con esperanza, xa que non serán competitivos con respecto a Porto ou Leixoes ou Bilbo, que si terán conexión directa co corredor e através del con Europa.

Ante esta situación, cómpre un compromiso claro da administración estatal e da galega, en colaboración co concello de Vigo, para potenciar o seu carácter de infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento económico do sur de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Que valoración fai o goberno galego sobre o declive do porto de Vigo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2017 10:10
Nº Rexistro: 10318
Data envío: 09/06/2017 10:10:26.731

Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para potenciar a actividade comercial, pesqueira e turística do Porto de Vigo?

Como valora o goberno galego a exclusión dos Portos galegos do corredor ferroviario atlántico?

Cal é o estado actual da construción da PLISAN?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/06/2017 10:09:36



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2017 10:10
Nº Rexistro: 10318
Data envío: 09/06/2017 10:10:26.731

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2017 10:09:41

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2017 10:09:45

María Montserrat Prado Cores na data 09/06/2017 10:09:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/06/2017 10:09:50

Ana Pontón Mondelo na data 09/06/2017 10:09:54